


REGALA MUNDOS QUE EXPLORAR,
REGALA LIBROS ESTE NADAL

Desde a Biblioteca
Manuel María
desexámosvos
un 2012 cheo de
boas lecturas



*Para viaxar lonxe
non hai mellor nave
que un libro.*

Emily Dickinson

BIBLIOTECA MANUEL MARÍA

IES URBANO LUGRÍS

MALPICA DE BERGANTIÑOS



DESDE OS 12 ANOS


Xenaro e o misterio da mochila verde, de Mar Guerra, Xerais, col. Merlín, 2008

A Xenaro Conese Maiúsculo o que máis lle gusta é xogar coas palabras e ler. Tamén lle gustan os xogos de computador, o xadrez, as BDs, os documentais e a música...; porén, pode parecer un bicho raro porque tamén lle encanta facer de detective e resolver misterios dos que se producen no Universal, o seu colexio. Xirando arredor da amizade e os seus modelos e xogando coa linguaxe e o humor, esta novela de Mar Guerra, gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2008, ilustrada por Fernando Llorente, foi definida polo xurado como “un thriller psicolóxico” que desenvolve unha historia cotiá de rapaces e rapazas dun centro escolar. Unha viaxe fascinante ao mundo dos nenos e nenas de hoxe.



Nunca seré tu héroe, de María Menéndez-Ponte. ed. SM, 2006

Andrés está atravesando el peor momento de su vida: su novia le ha dejado para irse con un empollón y “pelota”, suspende, su padre se queda en paro, no soporta a sus hermanos, su amigo del alma le mete siempre en líos, su cara está llena de granos, y una amiga suya parece haberse quedado embarazada. Pero el tiempo acabará poniendo las cosas en su sitio y le demostrará que las cosas casi nunca son lo que parecen.



O misterio das badaladas, de Xabier P. Docampo. ed. Vía Láctea, col. Textos, 1986

Por fin hai reloxo novo en Eiranova. Anda exacto ata as doce da noite, cando dá trece badaladas. Como ao día seguinte tamén o fai, o reloxeiro mira de amañalo pero non lle atopa fallo ningún na maquinaria. Cinco rapaces, encabezados por Cristina, póñense a pescudar o misterio da badalada número trece. Válense dunha serie de pistas que o “culpable” lles vai deixando. Na casa do xuíz xubilado, atoparán a solución ao misterio que por desgraza rematou... Aínda que aquela noite o reloxo deu once badaladas ás doce! Nas cinco mensaxes está a explicación.

El mar sigue esperando, de Carlos Murciano, ed. Noguera, 1987.

Néstor, hijo de pescador, vive en un pequeño pueblo costero, pero tiene que reiniciar su vida en la ciudad después de la muerte de su padre y la enfermedad de su madre. La nostalgia del mar va a protagonizar sus horas de cada día. La fotografía de una playa, el rumor de una caracola, los peces en movimiento del aquarium o los inmóviles de un libro ilustrado mantendrán vivo su recuerdo.

Al regresar al pueblo Néstor recuperará cuanto fue y será suyo: la barca de su padre, la ternura materna y su mar, *oleante, manso, intacto*.



A PARTIR DE 14




El diario azul de Carlota, de Gemma Lienas, ed. El Aleph, 2006

¿Alguna vez has tenido un novio que te controle demasiado, que se enfade si sales con las amigas, que te envíe más de 25 sms durante el recreo y se ponga celoso si hablas con los chicos de tu clase? ¿Has tenido algún amigo que, sin decirte nada, haya sufrido alguna forma de violencia, ya sea física o psicológica, en el colegio? ¿Conoces a algún chico o chica víctima de la violencia en su casa?

Carlota decide hacer un trabajo para el cole sobre violencia de género. A través de sus propias experiencias e investigando en casos que Carlota tiene a su alrededor, la protagonista va organizando fichas para la presentación de su trabajo y estableciendo las diferentes definiciones de lo que puede considerarse como violencia de género. Carlota vive también el problema directamente con una de sus amigas más próximas.

A cabeza de Medusa, de Marilar Aleixandre, ed. Xerais, col. Fóra de xogo, 2008

Un venres, despois do baile de disfraces a beneficio da excursión de fin de curso, Sofía, unha estudante de 2º de Bacharelato que acababa de cumprir 18 anos e nunca bicara un rapaz, e Lupe tentan volver á casa nun taxi, pero como non aparece ningún suben no coche de dous mozos universitarios descoñecidos que as levan ao monte e as violan. Co apoio desigual das familias e dos amigos, tratan de sobrepórse ao drama de diferente maneira, en función das forzas para soportar a ollada social non sempre comprensiva e do necesario castigo xudicial para los agresores. Brillante recuperación dunha tradición literaria que parte do mito de Medusa, castigada despois de ser violada a levar serpes por cabeleira.




Mandrágora, de Laura Gallego, ed. Alhambra, 2003

Cornelius, el sabio de la corte del rey Héctor, desaparece misteriosamente. Zacarías y su hija, la joven aprendiz Miriam, acuden para sustituirle. Mientras tanto, alguien conspira en secreto para derrocar al rey y apoderarse del reino. Los recién llegados se verán envueltos en una trama de ambición, venganza y magia negra que hará que sus vidas corran grave peligro...

Ésta es la novena novela que publica Laura Gallego desde que empezó en 1999. De unos años a aquí, esta autora se ha convertido en una de las más valoradas y solicitadas por el público infantil y juvenil, sobre todo con novelas de temática fantástica.

Ninguén, de Fran Alonso, ed. Xerais, 2010

Sara, unha muller que está farta dos rúidos da cidade, decide cambiar de estilo de vida. Un mozo vive obsesionado polas voces dos seus veciños, que lle impiden levar unha vida normal. Outra muller cítase nunha cafetería cun home ao que coñeceu a través de Internet. S. Lonely toma a decisión, por primeira vez na súa vida, de emprender unha pequena viaxe de vacacións para romper a rutina. Un escritor, que recibe correos dunha lista na que nunca se deu de alta, descobre a carga subversiva dos hoax, esas falsas cadeas que se envían a través do correo electrónico. Simultaneamente, diversos mails cruzan o ciberespazo deste libro singular. Estas son algunhas das historias e personaxes do novo libro de Fran Alonso.



DE 16 A 100... OU MÁIS!



Como agua para chocolate, de Laura Esquivel, ed. Debolsillo, 1989

Historia de amor y gastronomía ambientada en México a principios del siglo XX. Dos jóvenes locamente enamorados, Tita y Pedro, tienen que renunciar a su amor porque Mamá Elena decide que Tita, por ser la menor de sus hijas, debe quedarse soltera para cuidarla en su vejez. Entre los olores y sabores de la cocina tradicional mexicana, Tita sufrirá durante muchos años por un amor que perdurará más allá del tiempo.

Primer libro del año leído en el club de lectura del Instituto, con gran aceptación. La película, muy fiel al libro, es también... deliciosa!

O club da calceta, de María Reimóndez, ed. Xerais, 2006

Está protagonizado por seis mulleres moi diferentes entre si que acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións pero onde tamén toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. Inspiradas na figura liberadora da tía Davinia, Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda van facendo as lectoras e lectores partícipes da súa historia desde un multiperspectivismo que desfai os fíos dunha sociedade machista. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, María Reimóndez dálles voz a estas mulleres que desde as súas diferenzas atopan no valor da unidade a forza para sobrepórse a un presente que as nega e as minusvalora. Desde a intriga, cun estilo áxil, que tira do ánimo de quen le de xeito entretido e mesmo producindo hilaridade, a autora ofrécenos unha novela que, tras a sorpresa que causa, fai emerxer unha profunda reflexión e revisión da condición feminina. A autora creou un blogue sobre esta obra: <http://clubdacalceta.blogaliza.org/>. A novela tivo un grande éxito, conta cunha adaptación teatral que fixo Tatro do Morcego e Antón Dobao dirixiu un filme baseado no libro.



Cociñando ao pé da letra, de Yolanda Castaño e Andrea Costas, ed. Galaxia, 2011

Unha orixinal proposta, a medio camiño entre a literatura e a cociña, coordinado pola poeta Yolanda Castaño e a fotógrafa Andrea Costas. Un libro que demostra que todo pode ser cociñado. Un volume para, da man de escritores como Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Cándido Pazó, Manuel Lourenzo, Chus Pato ou Marica Campo, aprendermos pratos suxestivos. Un texto para saborear as palabras ben escritas en receitas contadas doutra maneira. Un libro, en definitiva, que repara no vencello estreito entre os verbos cociñar e escribir.

Arrugas, de Paco Roca, Aastiberri Editores, col. Sillón orejero, 2007

Emilio, un antigo executivo bancario, es internado en una residencia de ancianos por su familia tras sufrir una nueva crisis de Alzheimer. Allí aprende a convivir con sus nuevos compañeros –cada uno con un cuadro “clínico” y un carácter bien distintos– y los cuidadores que les atienden. Emilio se adentra en una rutina diaria con horarios prefijados –la toma de los medicamentos, la siesta, las comidas, la gimnasia, la vuelta a la cama...– y en su pulso con la enfermedad para intentar mantener la memoria y evitar ser trasladado a la última planta, la de los impedidos, cuenta con la ayuda de Ernesto, su compañero de habitación...



O equipo da biblioteca deséxavos

BO NADAL E FELIZ ANO 2012!